

Convocatoria Pública 2/2022.  
**Anulación Praza 2020-PG006**

Con data 20 de novembro de 2021, publicouse a Convocatoria Pública **2/2022** de selección de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal.

Na proposta de contratación nº 2022/910 con referencia 2020-PG006 dunha praza Investigador/a Asociado/a para a actividade “Consolidación 2020 GRC GI-1252 Ecotoxicoloxía e ecofisioloxía vexetal - ECOTOX” presentada polo investigador principal **D. Alejo Carballeira Ocaña**, non concorren circunstancias que xustifiquen a contratación de duración determinada por circunstancias da produción.

**Esta Reitoría RESOLVE anular a praza de referencia 2020-PG006** da Convocatoria Pública **2/2022** de selección de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
Por delegación do Reitor,  
(Resolución do 21/04/2022, DOG 26/04/2022)  
O Vicerreitor de Política Científica,  
Vicente Pérez Muñuzuri  
(Sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF \*\*\*6729\*\*, 20/05/2022 10:25:23.

CSV: 0397-CFF2-4528-8D29